



### A GOTA QUE COLMA O VASO

A dirección do Ceip Nicolás del Río tomou a decisión de pechar o patio de area onde habitualmente saen ao recreo @s alumn@s máis novos cando está bo tempo. Os motivos son tres: o risco de caída dos pinos (varios están secos), a aparición da procesionaria e o mal estado do valado (onde xa se accidentaron dous rapaces).

Consideramos esta decisión totalmente acertada para tratar de evitar calquer tipo de accidente e ao mesmo tempo reflexa a deixadez das autoridades municipais con respecto á educación.

Con anterioridade xa denunciámos moitas das deficiencias do centro: servizo de limpeza insuficiente (só hai dúas limpadoras), o edificio do areal non ten conexión a internet, o patio de educación infantil non ten ningunha dotación, polos ventanais das aulas que dan á praia entra o vento e a auga...

En anova pensamos que este feito supón “a gota que colma o vaso” e instamos a que desde o concello como responsable do mantemento do centro, se comprometa a subsanar todas estas graves deficiencias, xa que “de momento” non o poden privatizar...

